

A N U N C I O

Aprobada inicialmente en sesión plenaria ordinaria, celebrada o pasado 28.10.2006, a modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, vixente neste concello de Mondariz, en aplicación do disposto no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ó público mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De presentarse reclamacións terán que ser resolvidas polo Pleno da Corporación que adoptará o acordo definitivo, e, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de non presentarse reclamacións o presente acordo provisional quedará elevado a definitivo, debendo procederse á publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

En Mondariz, 30 de Outubro de 2006.—O Alcalde, Julio Alén Montes. 2006010240

* * *

C A M B A D O S

E D I C T O

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola inscrición nas probas selectivas de persoal do Concello de Cambados.

En cumprimento do disposto polo artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, queda exposto ó público o expediente, na Secretaría do Concello, polo prazo de trinta días, a efectos de exame e reclamacións.

De non formularse estas, entenderase automaticamente elevado a definitivo dito acordo de aprobación inicial, en virtude do disposto polo artigo 17 do referido Texto Refundido.

Cambados, a 30 de outubro de 2006.—O Alcalde, José Manuel Cores Tourís. 2006010268

* * *

M E A Ñ O

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2006 o Regulamento de Funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Meaño, e elevado a definiti-

vo o devandito acordo mediante acordo de data 26 de outubro de 2006, expónse ó público o texto íntegro do devandito regulamento ó abeiro do art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO
DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
DO CONCELLO DE MEAÑO**

A Lei Orgánica 1/1990 da Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), no título II “De las enseñanzas de Réximen Especial” e no seu Capítulo Primeiro “Das ensinanzas artísticas”, regula o ensino da música. No Artigo 39 da nomeada Lei, punto 5, díse que “poderán cursarse en escolas específicas, sen limitación de idade, estudos de música que en ningún caso poderán conducir á obtención de títulos con validez académica ou profesional e a súa organización e estrutura serán diferentes ás establecidas nos apartados anteriores” (referíndose ó ensino da música en Conservatorios e no Réxime Xeral do Ensino). “estas escolas regularanse regulamentariamente polas administracións educativas”.

Máis adiante, na mesma LOXSE, na Adicional Décimo sétima no punto 5, temos que “As Administracións educativas poderán establecer convenios de colaboración coas Corporacións locais para as ensinanzas de réxime especial. Ditos convenios poderán contemplar unha colaboración en escolas de música e danza con estudos que non conduzan á obtención de títulos con validez académica”.

Por outra banda, a Orde do 11 de Marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia regula as escolas específicas de música da Comunidade Autónoma de Galicia ás que fai referencia a LOXSE, resaltando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. Recóllese nesta Orde o relativo á finalidade xeral das escolas de música; ós obxectivos que deben perseguir; á estrutura das súas ensinanzas; á súa organización; ás condicións para o seu funcionamento e finalmente as orientacións metodolóxicas sobre os ámbitos de ensino.

Por todo iso e para regular o funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Meaño formúlase o seguinte Regulamento:

Artigo 1. Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento da Escola Municipal de Música do Concello de Meaño.

Artigo 2. Localización.

A Escola Municipal de Música do Concello de Meaño sitúase na Casa da Música, R/ Campo da Feira.

Artigo 3. Destinatarios do Servicio.

As actividades da Escola Municipal de Música irán destinadas preferentemente as persoas empadroadas no Concello de Meaño.

Artigo 4. Estructura das ensinanzas.

A Escola Municipal de Música do Concello de Meaño, prestará a súa docencia musical según a seguinte estrutura:

- "Música e Movemento", para nenos en idades comprendidas entre 3 e os 5 anos, cumpridos no ano en que se matriculen. Desenvollarase en clases colectivas e nelas estableceranse as bases da educación musical en catro planos: auditivo, rítmico, vocal e de movemento corporal.
- "Iniciación a linguaxe musical", para nenos en idades comprendidas entre os 6 e 7 anos, cumpridos no ano en que se matriculen. Esta ensinanza desenvolverase en clases colectivas, divididos en grupos.
- "Linguaxe musical (solfexo)", para nenos a partir de 8 anos. A súa acción pedagóxica dirixese a conseguir un dominio da lectura e escritura musical que lle proporciona o alumno autonomía para seguir profundizando posteriormente na aprendizaxe musical. Esta ensinanza desenvolverase en clases colectivas dividíndose nos grupos que se consideren oportunos.
- "Especialidades instrumentais". A partir dos 8 anos, cumpridos no ano en que se matriculen, poderán optar á praza de instrumento. As clases serán individuais a razón dunha hora semanal por alumno.
- "Clases colectivas". Poderán participar os alumnos que, en función dos criterios pedagóxicos, determine a Escola.
- "Clases complementarias". A Escola ofertará clases vocais e instrumentais de conxunto que serán reguladas polo órgano directivo.

Artigo 5. Idade mínima.

A idade mínima de ingreso queda fixada nos tres anos de idade.

Artigo 6. Proceso de matriculación.

6.1. Durante o mes de xullo establecerase un período de preinscripción.

6.2. No mes de setembro efectuarase a matrícula oficial, con preferencia para os alumnos que estiveran matriculados nalgunha das materias impartidas no curso escolar inmediato anterior. A estos efectos, a Escola asegurará praza para estes alumnos, orientándoos cara as especialidades que se oferten.

6.3. Unha vez rematado o proceso anterior, a Escola ofertará as prazas vacantes, tanto de "especialidade instrumental" coma das outras materias.

Tamén se terán en conta as solicitudes de "cambio de instrumento" que así se soliciten, atendéndose en función das especialidades ofertadas, e despois de confirmaren a súa praza os alumnos que renoven no mesmo instrumento.

6.4. Non terán dereito a renovar praza aqueles alumnos que teñan mensualidades ou outras taxas impagadas, vencelladas ós servizos que preste a Escola municipal de Música, e que correspondan a calquera curso escolar anterior. Neste caso, para formalizala matrícula o alumno deberá acreditar documentalmente o pagamento das súas correspondentes débedas.

Estes prazos non rexerán no momento de posta en funcionamento da Escola de Música.

Artigo 7. Solicitudes de novo ingreso.

7.1. As solicitudes faranse no modelo oficial que a Escola municipal de Música porá a disposición dos alumnos. Este modelo poderá ser recollido na "Área de Administración" da Escola ou no Rexistro do Concello.

7.2. Os alumnos de novo ingreso solicitarán a preinscripción da súa praza no Rexistro do Concello, téndose en conta o número de orde de entrada de rexistro da solicitude tanto para a elección de instrumento como de "música e movemento". Unha vez confirmada a praza, o alumno realizará a matrícula, segundo os períodos sinalados anteriormente.

7.3. Aqueles alumnos que non obtivesen praza pasarán a formar parte da "lista de espera". O orde que cada persoa ocupará na lista de espera será asignado por número da orde de entrada de rexistro da solicitude. Unha vez iniciado o curso escolar, e dentro da primeira quincena de Decembro, poderánse cubri-las baixas que se produzan, sempre e cando a dirección da escola o informe favorablemente.

Artigo 8. Documentación que se ten que presentar.

8.1. Coa solicitude de novo ingreso, en modelo oficial, achegaranse os seguintes documentos:

- Libro de familia.
- Fotocopia do DNI (no caso de menores acompañarase coa copia do DNI do pai, nai ou titor).
- Certificado de empadramento no Concello de Meaño.

8.2. A non presentación desta documentación no momento de solicita-lo ingreso na escola, dentro do prazo que se publique, debe entenderse como renuncia á praza vencido o prazo de subsanación de

erros, que se outorgue ó efecto, segundo a Lei de Procedemento Administrativo común.

Artigo 9. Réxime económico.

O réxime económico será determinado na correspondente ordenanza fiscal, reguladora da taxa pola prestación deste servizo.

Artigo 10. Baixas.

10.1. Serán causa de baixa na Escola de Música calquera das que se describen a continuación, sen prexuízo doutras que os órganos competentes poidan determinar.

- As baixas voluntarias deberán ser iniciadas polo alumno ou polo pai/nai/titor, no caso de menores, cubrindo a solicitude facilitada pola Administración da Escola.

Este proceso realizarase con alomenos 15 días de antelación ó mes que se desexa causar baixa.

- Causarán baixa inmediata aquelas persoas que incurran en impago da correspondente taxa en máis de dous meses, salvo causas temporais debidamente xustificadas que seran consideradas pola Xunta de Goberno Local.
- Incurrir en faltas tipificadas como moi graves moi graves.
- Faltas inxustificadas por un período superior a un mes continuado.

10.2. As baixas que por estas razóns se produzan, terán que ser cubertas tendo en conta o rigoroso orde das listas de espera.

Artigo 11. Características técnicas e de funcionamento da Escola.

11.1. O horario lectivo do Centro establecerase en función do número de alumnos matriculados, tendo en conta a súa idade e especialidade instrumental.

11.2. A Escola municipal de Música ofertará un número de prazas acorde co orzamento desta, cos espazos lectivos dispoñibles e co número de docentes e cursos/niveis das especialidades.

11.3. O número de docentes será o axeitado ás necesidades e demandas do alumnado, ó horario da Escola e ós ámbitos formativos.

11.4. A Escola contará con un Coordinador/director, Claustro de profesores, que se reunirá como mínimo unha vez cada trimestre, e Consello Rector da escola tódolos meses..

11.5. A Escola de Música deberá elabora-lo Proxecto Educativo, que conterà obrigatoriamente:

- Obxectivos xerais do Centro e calendario académico e de exames.
- O horario da Escola e de cada asignatura.
- Número de alumnos.

- Relación de asignaturas.
- Planos de estudos das especialidades: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Planos especiais de preparación para o acceso ó ensino regrado.
- Planos especiais de integración dos diversos sectores sociais.

11.6. As materias e disciplinas instrumentais serán impartidos nos días e horarios establecidos conxuntamente polo profesorado e Dirección. Para o cambio de horario ou de día para a impartición dunha materia o disciplina instrumental o profesor deberá solicitalo por escrito a dirección da escola, cunha antelación mínima de 15 días, quen decidirá sobre a cuestión.

Cando se cambie algunha das clases o profesor deberá recuperala sen alterar o funcionamento da Escola, coa autorización da dirección.

11.7. Os profesores de cada materia ou disciplina instrumental deberán levar un parte diario de asistencia dos alumnos a clase, que será entregado a dirección mensualmente.

11.8 Os mestres deberán asistir as reunións do Claustro de Profesores.

11.9 O profesorado deberá colaborar coa dirección da Escola no mantemento da convivencia académica, na realización das actividades extraescolares.

11.10 A dirección da Escola deberá:

- Coordinar, supervisar e controlar, baixo a supervisión municipal, o desenvolvemento correcto do funcionamento da Escola e actividades.
- Coordinar e controlar, baixo a supervisión municipal, o uso das instalacións e material da Escola así coma o persoal didactico da Escola.
- Convocar e coordinar actos e actividades académicas organizadas pola Escola ou propostas polo Concello.
- Cumplir e facer cumprir as normas e o presente regulamento
- Favorecer a convivencia na Escola.
- Facilitar toda a información requerida polo Concello e solicitada polos pais.
- Promover e informar o alumnado sobre a proxección ou a formación académica superior. Promover e impulsar relacións da Escola con outras institucións do entorno.
- Representar académicamente a Escola.
- Custodiar os libros oficiais e arquivos da Escola.
- Elaborar o proxecto educativo conxuntamente co profesorado.
- Elevar as autoridades competentes a Memoria Anual sobre as actividades e situación xeral da Escola.

- Calquera outra función que lle encomende o órgano de goberno municipal dentro das súas competencias.

12. Dereitos e deberes dos usuarios.

12.1 Dereitos dos usuarios:

- a) A acceder a Escola e recibir formación nas materias e especialidades ofertadas sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- b) A consideración no trato, baseada na dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da Escola como dos demais usuarios/as.
- c) Ó respecto a súa intimidade, integridade física, moral e dignidade humana.
- d) A abandonar as actividades por vontade propia.
- e) A recibir información completa e continuada de todo o relacionado coa formación.
- f) A que se garde reserva sobre toda aquela información de que dispoña a Escola acerca das circunstancias persoais e familiares.

12.2 Deberes dos usuarios:

- a) Cumprilas normas sobre utilización e convivencia na Escola.
- b) Observar unha conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellora da convivencia.
- c) Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas o desenvolvemento do proxecto educativo.
- d) Cumplir e respetar os horarios establecidos para o desenvolvemento das actividades da Escola.
- e) Seguir as orientacións do profesorado respecto do seu aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- f) Respetar o exercicio do dereito o estudo do seus compañeiros.
- g) Respetar o proxecto educativo.
- h) Coidar e utilizar correctamente os bens móbiles e as instalacións da Escola e respetar as pertencencias dos outros membros da Escola.
- i) A xustificar as faltas de asistencia.
- j) Participar naquelas actividades programadas pola Escola cando así o requira o profesor ou director.

13. Faltas.

13.1 Son faltas leves:

- a) Alterar as normas de convivencia, respecto mutuo, creando situacións de malestar na Escola.
- b) Facer uso non axeitado das instalacións e medios da Escola ou perturbar as actividades.

- c) Promover e participar en altercados, rifas ou pelexas de calquera tipo.

13.2 Son faltas graves:

- a) A reiteración das faltas leves, dende a terceira cometida.
- b) Alterar as normas de convivencia de xeito habitual, creando situacións de malestar na Escola.
- c) A sustracción de bens ou calquera clase de obxectos propiedade da Escola, do persoal ou dos usuarios/as.
- d) Falsear ou ocultar datos en relación co aproveitamento de calquera prestación ou servizo da Escola.

13.3 Son faltas moi graves:

- a) A reiteración das faltas graves dende a terceira cometida.
- b) A agresión física ou malos tratos a compañeiros ou persoal docente.

14. Sancións.

Sen perxuízo das demais responsabilidades as que poderán dar lugar as sancións que se poderán impoñer ós/as usuarios/as que incurran nalgúnhas das faltas mencionadas no artigo anterior serán as seguintes

14.1. Por faltas leves:

Amonestación verbal privada.

Amonestación individual por escrito.

14.2. Por faltas graves:

- Suspensión de asistencia a Escola ou determinadas clases por un período máximo de 3 días.

14.3. Por faltas moi graves:

- Suspensión de asistencia a Escola por un período mínimo de 3 días e máximo de 10.
- Perder definitivamente a condición de usuario.

Con carácter xeral os alumnos que individual o colectivamente causen danos de forma intencionada o por negligencia as instalacións da Escola ou o seu material quedan obrigados a reparalos danos causados ou de facerse cargo do custe económico da súa reparación.

15. Imposición de sancións.

15.1. As sancións polas distintas faltas, requiriran a oportuna tramitación do expediente, polo que se garantirá sempre o dereito do alumno e, no seu caso, dos seus pais ou representantes legais, a ser escoitado.

15.2. As sancións por faltas leves serán impostas polo Director da Escola.

15.3. As sancións por faltas graves ou moi graves serán impostas pola Xunta de Goberno Local previo informe da dirección ou claustro de profes-

res, segundo se trate dunha infracción grave ou moi grave.

16. Disposición derradeira.

O non previsto no presente regulamento rexera-se pola legislación establecida o efecto.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no BOP de Pontevedra e transcurra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, reguladas Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra este acordo poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, 26 de outubro de 2006.—O Alcalde,
Jorge Domínguez Rosal. 2006010285

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 28 de agosto de 2006, a modificación dos anexos-tarifas das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das Taxas pola prestación dos servizo: * Por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello, cursos, ensinanzas e actividades que organice o Concello nas súas competencias educativas, culturais e sociais e elevado a definitivo o devandito acordo mediante acordo de data 26 de outubro de 2006, dando cumprimento ó art. 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fáise público o texto íntegro da desta modificación:

Modifícase-lo anexo-tarifa da taxa que de seguido se relacionan, ampliando o concepto da tarifa coa inclusión da Escola de Música, quedando como segue:

“Para a aplicación da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do concello. Cursos, ensinanzas e actividades que organice o concello no exercicio das súas competencias educativas, culturais, deportivas e sociais.

Primeiro.—Tarifa:

CONCEPTO	TAXA
ESCOLA DE MÚSICA	
Por cada participante en cada unha das materias que se imparten (música e movemento, solfeos, etc.):	15,00 €/mes
Por cada participante en cada unha das modalidades instrumentais que se imparte:	40,00 €/mes

CURSOS, ENSINANZAS E ACTIVIDADES QUE ORGANICE O CONCELLO NO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EDUCATIVAS, CULTURAI, DEPORTIVAS E SOCIAIS.

Por cada participante en cursos ou actividades con duración inferior ó mes: 15,00 E/Curso - actividade

Por cada participante en cursos ou actividades con duración superior ó mes: 15,00 €/mes

Deduccións o importe das tarifas:

Este importe reducirase polos seguintes conceptos e queda fixado:

- Participación en máis dunha materia das que se imparte na Escola de Música ou en outras das actividades, cursos ou ensinanzas que organice o Concello: 12,00 euros/materia/actividade/curso/mes/ participante.
- Participación de máis dun irmá ou parellas nas materias das que se imparten na Escola de Música ou actividades ofertadas: 12,00 euros/materia/actividade/curso/mes/participante.
- Si os conceptos anteriores afectan os participantes nas modalidades instrumentais da Escola de Música: 30,00 euros/modalidade instrumental/mes/participante.

Terceiro.—Data de aprobación:

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 28 de agosto de 2006, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación este mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra este acordo poderá interponerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, 26 de outubro de 2006.—O Alcalde,
Jorge Domínguez Rosal. 2006010284

• • •

M E I S

E D I C T O

Dª María Rosa Lucio Fontes solicita licenza de apertura para bar no lugar denominado A Goulla nº 31 (Paradela).

O que fago público con obxecto de reclamacións —se fose o caso— durante o período de dez días hábiles, para os efectos do Regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas e do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (RAMINP).

Meis, o vinte de outubro de dous mil seis.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. 2006010212